

BOLETÍN INFORMATIVO

EVENTOS APE GALICIA:

- Xornada Formativa sobre a Lei do Solo en Redondela.
- Xornada Formativa sobre Lei Orgánica de Protección de Datos e Nova Lei de Comercio en Marín.
- Xornada Formativa para o Autónomo en Ourense.
- Entrega de Diplomas APE Galicia.

AXUDAS E SUBVENCÍONS:

- A. Axudas para accións de información e promoción a favor dos produtos agrícolas no mercado interior.
- B. Plan Renove Electrodomésticos.
- C. Plan Renove de Equipos de Iluminación Interna, modificación prazo de xustificación.
- D. Bases para participar no Programa de asesoramento a PEMES en comercio electrónico B2C.
- E. Subvención a titulares de explotación agrarias, que faciliten datos estatísticos e contables.
- F. Subvención a proxectos de Aforro e eficiencia enerxética 2011.

**INFORMACION APERTURA ESTABLECEMENTOS
COMERCIAIS DOMINGOS E FESTIVOS 2012.**

1. XORNADA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE GALICIA

O pasado **venres 01 de Xullo**, entre as 20:00 e as 21:00 horas, celebrouse no **Convento de Vilavella, Redondela**, una Xornada formativa sobre **Lexislación Urbanística en Galicia, organizada por APE Galicia e a Asociación de Empresarios de Redondela en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.**



Detalle do público asistente.

A ponencia correu a cargo de **D. Román Rodríguez González**, profesor da Universidade de Santiago de Compostela na especialidade de Ordenación do Territorio, Deputado do Parlamento de Galicia, e ponente da recente Lei 2/2010 de modificación da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia, recentemente aprobada, entre outros méritos.



Nesta foto, de esquerda a Dereita: D. Javier Garrido Valenzuela, Presidente de APROIN, Jose Antonio Gómez Pérez, Presidente da Asociación de Empresarios de Redondela, D. Javier Bas Corugeira , Alcalde de Redondela, D. Jose Ramón Caldas Martínez, Presidente de APE Galicia, D. Román Rodríguez, Ponente.

Nesta Xornada achegamos de unha maneira sinxela e asequible aspectos como a situación de naves industriais e outros negocios alegais trala publicación das Instrucións que afectan á Lei 2/2010, cómo afecta a lei do Solo en territorios nos que se aplique a lei de costas, ou o urbanismo comercial.

2. XORNADA FORMATIVA SOBRE LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS E NOVA LEI DE COMERCIO EN MARÍN.

O pasado martes 26 de Xullo, ás 21:00 horas, APE Galicia e a Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, organizaron unha xornada formativa coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, co propósito de difundir a nova Lei de Comercio Interior de Galicia, e as obrigas das empresas e autónomos en relación á protección de datos de carácter persoal. Ó acto, presidido por D. José Ramón Caldas Martínez, Presidente de APE Galicia, e Dona Isabel Torres Pazos, Presidenta de Estrela de Marín, acudiu tamén Dona María Ramallo, alcaldesa do Concello de Marín.

A ponencia sobre a Lei de Comercio Interior de Galicia foi impartida por Dona Nava Castro, Directora Xeral de Comercio.



A ponencia sobre Protección de Datos por don Álvaro Gómez Vieites, Doutor en Economía e Administración de Empresas, Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Vigo e profesor da escola de negocios Caixanova.



De esquerda a dereita: D. Álvaro Gómez Vieites, Dona Isabel Torres Pazos, e Dona María Ramallo.

Tras as explicacións, deuse paso a unha rolda de preguntas onde os asistentes puideron expresar a súa opinión e dúbidas sobre os temas expostos.



Detalle do público asistente.

3. XORNADA FORMATIVA PARA O AUTÓNOMO EN OURENSE

O pasado día 22 de setembro as 20:00 h celebrouse no Centro de Desenvolvemento de NovaCaixaGalicia de Ourense, una Xornada formativa para o autónomo na nosa comunidade, organizada por APE Galicia, a Confederación de Autónomos do Estado Español (CIAE) e a Asociación Provincial de Empresarios e Autónomos de Ourense e coa colaboración da Federación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Ourense, a Asociación de Empresarias e Profesionais da Provincia de Ourense, a Asociación de Fabricantes e Vendedores de Pan de Ourense, a Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de Ourense, o Centro Comercial Aberto Ourense Norte, a Asociación de Comerciantes de Ourense, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Turismo, a Dirección Xeral de Comercio e a Deputación Provincial de Ourense.



Nesta Xornada interviñeron a Secretaria Xeral de Turismo, Dna. Carmen Pardo López, que falou sobre as novidades legislativas correspondentes ao sector de Autónomos no turismo e afondou nos aspectos legislativos da Administración Turística de Galicia e na modificación da Lei de Turismo. Tamén participou nesta xornada a Directora Xeral de Comercio Dna. Nava Castro Domínguez, a cal explicou os aspectos principais da cesión nas empresas familiares e presentou aos asistentes a nova Lei de Comercio Interior que pretende vertebrar, consolidar e mellorar o sector do comercio.

4. ENTREGA DIPLOMAS APE GALICIA

O pasado día 06 de Outubro, ás 20:00 horas, no Padroado de Turismo Rías Baixas, Pontevedra, celebrouse a entrega dos diplomas da Formación 2010-2011 de APE Galicia, dos cursos, entre outros, de Inglés, Automecánica, Soldadura, ou Internet e Correo Electrónico. A xornada estivo organizada por APE Galicia, a Confederación de Autónomos do Estado Español (CIAE), contando co apoio da Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, e co da Deputación de Pontevedra.



A Directora Xeral de Formación e Colocación, Dona Ana María Díaz López, e Dona Begoña Estévez Bernárdez, Deputada

Provincial, fixeron a entrega dos diplomas os asistentes y falaron da importancia da formación non só para as persoas en situación de desemprego, senón tamén para as persoas ocupadas, xa que no actual panorama económico e laboral a especialización é un aspecto clave para conseguir unha maior competitividade das empresas.. Ademais, Dona Elena Fernández Boquete, Xerente de Sanromán, explicou a importancia e beneficios da formación continua no sector de Autónomos e explicou as distintas vías de formación tanto para os autónomos coma para os traballadores por conta allea ou desempregados.

AXUDAS E SUBVENCIÓNS:

A. AXUDAS PARA ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN A FAVOR DOS PRODUTOS AGRÍCOLAS NO MERCADO INTERIOR.

Obxecto: Fixar e determinar as condicións que deben reunir as propostas das accións de información e/ou promoción a favor dos produtos agrícolas no mercado interior.

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarias das axudas, as organizacións profesionais e interprofesionais representativas do sector agroalimentario en España, que leven a cabo programas de información e promoción no mercado interior, segundo o indicado no artigo 6 do Regulamento (CE) número 3/2008 do Consello. En caso de que varias organizacións presenten un programa de forma conxunta, estas deberán de achegar un acordo onde se estableza a distribución de responsabilidades entre elas.



Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación solicitudes ata o 30 de novembro de 2011.

Más Información: DISPOSICION 14479 do BOE núm.214 do 06 de Setembro de 2011.

B. PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS.

Obxecto: Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas dirixidas a reducir o consumo de enerxía eléctrica no sector doméstico, a través da substitución de frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas, fornos e placas de indución e de gas por equipamentos con etiquetaxe enerxética de clase A ou superior segundo o establecido no artigo 3, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.



Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia que adquiren un equipamento dos mencionados no artigo 3 e que se instale na Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia*.

Prazo de presentación de solicitudes: Este convenio estará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2011.

Más Información: RESOLUCIÓN do 12 de Setembro do DOG núm.182 do 22 de Setembro de 2011.

C. PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN INTERNA, MODIFICACIÓN PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Obxecto: É obxecto desta resolución a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas dirixidas a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de equipamentos de iluminación interior existentes, a que fai referencia a Resolución do 7 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior, publicada no DOG n.º 12, do 19 de xaneiro.

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios das subvencións as comunidades ou mancomunidades de veciños, as persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado (propietarios de vivendas ou edificios do sector terciario, empresas de servizos enerxéticos, empresas municipais da vivenda,...) sempre que a actuación subvencionable descrita no artigo 3º se realice en vivendas, edificios de vivendas ou edificios terciarios da súa titularidade sitos na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de persoas xurídicas de dereito público ou privado deberán ter o domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.



Prazo de presentación de solicitudes: O

prazo de presentación solicitudes ata o 22 de outubro de 2011.

Más Información: Resolución do 7 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se procede á súa convocatoria.

RESOLUCION do 15 de Setembro de 2011 para ampliación de prazo no DOG nº 182 de 22 de Setembro de 2011.

D. BASES PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE ASESORAMENTO A PEMES EN COMERCIO ELECTRÓNICO B2C.



Obxecto: Prestación polos Colaboradores dos Servizos de asesoramento especializado en comercio electrónico B2C ás PEME beneficiarias que os seleccionen, así como a xestión por adiantado da subvención concedida a ditas PEME mediante o desconto do seu importe na factura correspondente.

Beneficiarios: Poderán participar no proceso de selección aquelas entidades (en diante, "os Solicitantes") que presten servizos de asesoramento especializado en comercio electrónico B2C, a través da

asesoría personalizada e individualizada, realizada por profesionais expertos do sector, para impulsar o potencial da PEME e posionala estratexicamente no mercado online e que cumpran cos requisitos de solvencia establecidos no presente apartado.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 26/10/2011

Más Información: www.red.es

E. SUBVENCIÓN A TITULARES DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS, QUE FACILITEN DATOS ESTADÍSTICOS E CONTABLES.

Obxecto: O obxecto desta orde é a convocatoria para o ano 2011 das subvencións a titulares de explotacións agrarias, que faciliten datos estatísticos e contables para a elaboración das operacións estatísticas con fins estatais de realización obrigatoria polo Ministerio de Medio e Medio Rural e Mariño, por estar incluídas no Plan Estatístico Nacional.



Beneficiarios: agricultores cuxas explotacións agrarias posúan un volume de vendas medio anual superior a 18.000 euros e se encontren incluídas na mostra de calquera das Oficinas Contables constituídas ao abeiro da resolución da Xunta de Contratación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de data 12 de marzo de 2008.

Prazo de presentación de solicitudes: o que sinala a Xunta de Contratación do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño nas correspondentes resolucións de convocatoria para a constitución das Oficinas Contables.

Más Información: Orde ARM/2567/2011 de 16 de Setembro do BOE núm. 233 do 27 de Setembro de 2011.

F. SUBVENCIÓN A PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA 2011.

Obxecto: Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións ás actuacións e proxectos de aforro e eficiencia enerxética, tal e como se definen por sectores de actividade nas epígrafes do anexo I, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no seu articulado e anexos.

Beneficiarios: Poderán obter a condición de beneficiarios as persoas e entidades especificadas para cada unha das liñas de axudas no anexo I destas bases, que se referirán a todos ou parte dos seguintes supostos xerais:

- a) As persoas físicas maiores de idade ou emancipadas que teñan plena capacidade de obrar.
- b) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos.

c) As empresas que teñan contratada a xestión enerxética de inmobles e instalacións de titularidade pública ou privada, e que o obxecto dos correspondentes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía. O pagamento dos servizos que prestan as ditas empresas baséase na obtención de melloras de eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidados. Contarase, en todo caso, co visto e prace do titular do inmovible ou instalación, por se dese lugar á modificación do contrato existente entre ambas as partes.

d) Os distintos tipos de administracións públicas.

e) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica. Nestes casos, deberase facer constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Fundacións, asociacións, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen ánimo de lucro, tales como comunidades de propietarios, comunidades hereditarias ou en xeral entidades de base patrimonial que, aínda carecendo de personalidade xurídica, contén cunha administración común para levar a cabo a actuación para a que solicitan a subvención.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación solicitudes ata o 15 de novembro de 2011.

Más Información: RESOLUCION do 02 de Setembro de 2011 do DOG núm. 176 do 14 de Setembro do 2011.



INFORMACION APERTURA ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DOMINGOS E FESTIVOS 2012.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro), determina no seu artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, oito ao ano. O tempo máximo entre a apertura e o pechamento en domingos e días festivos autorizados será de doce horas.

Despois de seren publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas a que fai referencia este artigo para o 2012, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas



para o seu termo municipal e con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se aproben.

Artigo único. Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2012 son: 8 de xaneiro, 5 de abril, 1 de xullo, 2 de decembro, 8 de decembro, 16 de

decembro, 23 de decembro e 30 de decembro.

Más Información: Orde do 6 de Outubro de 2011 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2012 (DOG Nº 197, 14/10/2011)